



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Conservación da Natureza

Documento de Inicio para a
Avaliación Ambiental Estratéxica

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico
do LIC e da ZEPVN Complexo Húmido de Corrubedo

Data: 28 de decembro de 2007

Indice

1.0 Introducción	1
2.0 Concepto xeral do PORNMF	2
2.1 Ambito territorial	3
2.2 Obxectivos do PORNMF	5
2.3 Contidos do PORNMF	6
2.4 Compoñentes clave para a conservación	7
3.0 Procedemento do PORNMF	14
4.0 Avaliación ambiental do PORNMF	15

Documento elaborado por:

Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
Xunta de Galicia

GI-1934 Terreo, Territorio, Biodiversidade
IBADER. Universidade de Santiago, Campus de Lugo

Data 28-12-2007

Documento de inicio para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico do LIC Complexo Húmido de Corrubedo

1.0 Introducción

Con data 30 de abril de 2006 (BOE núm. 102, de 29-04-2006) entrou en vigor a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente que traspuxo a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. O obxecto desta normativa é promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación dos plans e programas mediante a realización dunha avaliación ambiental daqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente.

As Administracións Públicas, como órganos promotores de Plans ou Programas, están obrigados a sometelos a avaliación ambiental estratéxica, procedemento establecido no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril. Para elo redactarán como órgano promotor o Documento Inicial. Tras incorporar a consulta pública, o órgano ambiental emitirá o Documento de Referencia, que o guiará no seu propio procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

O presente documento constitúe o "**Documento de Inicio**" para a Avaliación Ambiental Estratéxica do **Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico (PORNMF) do LIC e da ZEPVN Complexo Húmido de Corrubedo**, requirido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en conformidade coas disposicións contidas no Art.18 da Lei 9/2006 do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas non medio.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle no seu artigo 27.30 a competencia exclusiva para dictar normas adicionais de protección do medio e a paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23a da Constitución. A preservación da biodiversidade, asumida polo Cumio de Río de Janeiro en 1992, incorpórase decisivamente ao dereito comunitario a través da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, se ben unha grande parte dos seus obxectivos estaban xa programados a través de disposicións comunitarias anteriores.

A DC 92/43/CEE crea unha rede ecolóxica europea coherente de zonas especiais de conservación, denominada «Natura 2000». A devandita rede, composta polos lugares que alberguen tipos de hábitats naturais e por hábitats de especies, deberá garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de que se trate na súa área de distribución natural. A rede Natura 2000 inclúe así mesmo as zonas de protección especiais designadas polos Estados membros conforme ás disposicións da Directiva 79/409/CEE. Os lugares que vertebran a Rede Natura 2000 en Galicia foron declarados polo Goberno Autónomo, ao amparo da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), integrándose deste modo dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos.

2.0 Concepto xeral do PORNMF

O presente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico establecerá un conxunto de medidas de planificación e xestión para o Espazo Natural Protexido Complexo Húmido de Corrubedo, co fin de asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos Anexos II, IV, V da DC 92/43/CEE e no Anexo I da DC 79/409/CEE. Medidas orientadas a evitar que nos devanditos lugares, e as futuras zonas especiais de conservación (ZEC), se produzan alteracións ou deterioracións significativas no que respecta aos obxectivos de conservación contemplados en ambas as dúas directivas europeas.

A Lei 42/2007, de 13 de decembro, mantén como instrumentos básicos do planeamento dos recursos naturais aos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), creados na derogada Lei 4/1989 de 27 de marzo. Estes documentos perfiláanse como o instrumento específico das Comunidades autónomas para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da relación dos espazos naturais co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial. As disposicións contidas nestes Plans constituirán un límite para calquera dos outros instrumentos de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, constituindo unha condición indispensable se se pretende atallar o grave deterioro que sobre a natureza produciu a acción do home. Deste xeito, os recursos naturais, e en especial os espazos naturais a protexer, serán obxecto dunha planificación encamiñada a adecua-la súa xestión aos principios inspiradores do artigo 2 da Lei 42/2007.

A Lei confire ás Administracións Públicas competentes a aprobación dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, ofrecendo así ás Comunidades Autónomas un importante instrumento para a implantación das súas políticas territoriais. No ámbito da planificación dos Espazos Naturais protexidos de Galicia, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, incorpora aos PORN e PRUX un novo instrumento de planificación, os Plans de Conservación(PC).

A Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG núm. 233 de 5 de decembro de 1995), establece os diferentes instrumentos de ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as vías de procedemento para a súa elaboración e o réxime da súa vixencia, modificación e revisión. Para o dito fin crea e regula entre outros instrumentos os Plans de Ordenación do Medio Físico, coa finalidade de establece-la ordenación integrada de ámbitos determinados en razón das súas especiais características naturais, ecolóxicas ou paisaxísticas, que compatibilice a súa protección coa máis racional explotación dos recursos e estableza as complementariedades e relacións recíprocas cos asentamentos de poboación.

A articulación das medidas de xestión require, de acordo coa DC 92/43/CEE, a realización dun plan de xestión específico para os lugares da Rede Natura 2000, así como o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas, acordadas coas esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación, e especialmente as contempladas nos anexos das DC 92/43/CEE e da DC 79/409/CEE. Instrumento de planificación e xestión, que se estruturará e adaptará no presente Plan, á figura de Plan de Ordenación dos Recursos Naturais, prevista na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, complementando os obxectivos formulados na propia normativa autonómica, cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000, e á figura de Plans de Ordenación do Medio Físico, prevista en la Lei 10/1995.

O desenvolvemento da Rede Natura 2000 supuxo un importante alicerce para o establecemento da Rede Galega de Espazos Protexidos, desenvolvida no marco da Lei 9/2001 (artigo 10.1) e constituída por 7 dos 9 tipos de espazos protexidos que establece a mencionada normativa: Reserva Natural, Parque Nacional, Parque Natural, Monumento Natural, Humidal Protexido, Paisaxe protexida, Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (artigo 10.2).

Un aspecto a destacar na actual configuración da Rede Galega de Espazos Protexidos, é que un mesmo lugar xeográfico poden coincidir parcial ou totalmente dous ou máis figuras de protección. Nestes casos, a figura de protección que maior superficie ocupa e que engloba territorialmente á maioría dos espazos naturais protexidos, é a Zona de Protección dos Valores Naturais.

A proposta de Rede Natura 2000 enviada no ano 2003 á Comisión Europea, incluía en Galicia 59 lugares, situándose 4 lugares de forma íntegra na Rexión Mediterránea e 49 na Rexión Atlántica, aos que habería que unir 6 lugares que se adscriben a ambas as dúas unidades bioxeográficas. Xunto cos 59 (pLIC), a proposta galega incluía 14 ZEPA, cuxa límites xeográficos aparecen englobados dentro de diferentes LIC. A proposta do ano 2003, será finalmente aprobada pola Comisión Europea (Decisión da Comisión de 7/12/ 2004 pola que se adopta, de conformidade coa DC92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Atlántica. DOUE 29/12/2004 e Decisión da Comisión de 19/07/ 2006, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Mediterránea. DOUE 21/9/2006).

Previa á súa aprobación pola Comisión, a Xunta de Galicia, mediante o Decreto 72/2004 (Decreto 72/2004, do 2 de abril de 2004. DOG 69, 12/04/2004), declarou como espazos naturais protexidos, outorgándolles a categoría de Zonas de Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), aos 59 pLIC e ás 14 ZEPA. Integrándose en consecuencia a Rede Natura 2000 dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos.

2.1 Ambito territorial

O ámbito territorial do presente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico, corresponde ao **LIC Complexo húmido de Corrubedo** (ES1110006), que forma parte dos LIC da Rexión Bioxeográfica Atlántica (aprobados na Decisión da Comisión de 7/11/2004, DOUE 28/12/2004). Este espazo sitúase na zona costeira entre a Ría de Muros e Noia e a Ría de Arousa. Comprende unha superficie de 9.263 ha, distribuídas entre os termos municipais de Porto do Son e Ribeira, e na devandita superficie inclúese o tramo costeiro entre o Castro de Baroña e Cabo Corrubedo, ademais das zonas arredor das Lagoas de Carregal e Vixán, incluíndo ademais as augas mariñas ata o arquipélago de Sálvora.

Dentro dos límites deste LIC inclúense outras figuras de protección, fundamentalmente na zona comprendida entre Praia Ladeira e a Furna Brava do Cambeo, incluíndo os ecosistemas dunares e os humidais existentes tras eles. Estas áreas inclúense no **Parque Natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán**, na **ZEPA Complexo litoral de Corrubedo** (ES0000313), no **Humidal Protexido Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo**, e no **Humidal de Importancia internacional RAMSAR** do mesmo nome que o anterior. Pola súa banda, o arquipélago de Sálvora forma parte, xunto aos de Cíes, Ons e Cortegada, do **Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**.

Asimesmo, o LIC Complexo húmido de Corrubedo posúe simultaneamente a condición de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), aprobada mediante Decreto 72/2004, do 2 de Abril (DOG 69, 12/04/2004). Os límites territoriais do mesmo aparecen publicados na Resolución do 30 de Abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se dispón a publicación no Diario Oficial de Galicia, da cartografía onde se recollen os límites dos Espazos Naturais declarados Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de Abril (DOG 69, 12/04/2004).




Figura 1. Ámbito territorial de protección do LIC e ZEPVN Complexo Húmido de Corrubedo.

2.2 Obxectivos do PORNMF

O presente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico, plantexará os seus obxectivos a partir da *European Community Biodiversity Strategy* (COM 98-42), *Estrategia Española para la Conservación y el Uso Sostenible de la Diversidad Biológica* (MMA, 1998), *Estratexía Galega para a conservación e o uso sostible da Biodiversidade* (CMA, 1999), *Estratexía Galega de Desenvolvemento Sostible* (CMA), a as normativas referentes a conservación e xestión da biodiversidade e dos espazos naturais protexidos de ámbito comunitario (DC 92/43/CEE, DC 79/409/CEE), estatal (Lei 42/2007) e galega (Lei 9/2001).

De acordo con estes documentos estratéxicos e coa normativa da aplicación, no presente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico, inclúiranse cando menos os seguintes obxectivos:

1. A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.
2. Contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais salientados no Anexo I da DC 92/43/CEE e das poboacións e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, xunto coas especies de aves, e de forma concreta as salientadas no I da DC 79/409/CEE, e as especies de aves migratorias. Así como, os núcleos poboacionais e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
3. A regulación das actividades, proxectos, e plans susceptibles de afectar, de forma apreciable, á integridade dos espazos, ou das súas compoñentes (hábitats e especies), en coherencia co artigo 6 da DC 92/43/CEE e acorde coa lexislación vixente.
4. Propiciar o desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Este uso debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos aos que se asociase, nin minugar as posibilidades de desfrute destes ás xeracións vindeiras.
5. Integrar os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos que integran a Rede Natura 2000 en Galicia.

2.3 Contidos do PORNMF

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico, redactarase en conformidade co artigo 6.1 da DC 92/43/CEE, articulando mediante un instrumento legal de planificación, as medidas de conservación e administrativas necesarias en resposta ás esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese comunitario.

A Lei 9/2001, entre os instrumentos específicos de ordenación ambiental, a figura de Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), xa previstos na lexislación estatal. Este Plan responde, en consecuencia, ás esixencias establecidas na Lei 9/2001, constituíndo o instrumento de planificación para o espazo natural protexido, desenvolvido de acordo co Capítulo V, sección cuarta da mencionada normativa galega que regula a figura dos plans de conservación.

O Plan contemplará en consecuencia: o ámbito de protección do espazo, a identificación dos compoñentes clave para a conservación da biodiversidade e a avaliación das afeccións que poidan incidir no seu estado de conservación. Establecendo ademais, o réxime de usos e actividades permitidas no espazo, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación dos hábitats naturais e das especies silvestres. A necesidade de dotar aos distintos Espazos Naturais Protexidos de Galicia de criterios homoxéneos de planificación e ordenación, xustifica a inclusión no Plan dunha zonificación de usos para o espazo, coherente coa distribución territorial dos elementos clave para a conservación da biodiversidade, así como dos aproveitamentos e actividades establecidos. E coherente coas unidades establecidas en outros espazos da Rede Galega de Espazos Protexidos.

A partir da zonificación do espazo establécense as directrices de ordenación, incluíndo as normas de uso e aproveitamento do territorio e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais, e finalmente as normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas, educativas ou recreativas. As normas de xestión establecéronse seguindo os obxectivos e directrices de conservación derivados das directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, xunto coa normativa básica estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001).

Tendo en conta a dobre consideración do Plan, na súa redacción teranse en conta os contidos fixados con anterioridade para a elaboración dos Plans de Ordenación do Medio Físico pola Lei 10/1995.

2.4 Compoñentes clave para a conservación

Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

O número de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE identificado no LIC Complexo húmido de Corrubedo ascende a un total de 35 tipos, dos cales 8 son prioritarios (un 23%). Destes, cabe destacar que o grupo con maior representatividade é o grupo de Hábitats costeiros e vexetación halofítica, con 12 tipos diferentes, dos que só 1 é considerado prioritario, o tipo Nat-2000 1150 * Lagoas costeiras. Por outra banda, identificáronse no seo deste espazo todos os 7 hábitats presentes en Galicia do grupo de Dunas Marítimas e Continentais, entre os cales se citan 2 tipos prioritarios.

Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE		
Nat-2000	Hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviado)	
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña	
1130	Esteiros	
1140	Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar	
1150	*	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco fondas	
1170	Arrecifes	
1210	Vexetación anual sobre argazos	
1220	Vexetación perenne de coídos	
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas	
1310	Vexetación anual pioneira con Salicornia de zonas lamacentas ou areosas	
1330	Pasteiros halófilos atlánticos	
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas	
2110	Dunas móbiles embrionarias	
2120	Dunas móbiles litorais con <i>Ammophila arenaria</i> ("dunas brancas")	
2130	*	Dunas costeras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
2150	*	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	Depresións intradunais húmidas	
2230	Dunas con céspedes de <i>Malcomietalia</i>	
2260	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavanduletalia</i>	
3130	Augas oligotróficas ou mesotróficas	
3150	Lagos eutróficos naturais (<i>Magnopotamion</i> o <i>Hydrocharition</i>)	
3260	Ríos dos pisos basal a montano	
4020	*	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos	
5230	*	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220	*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea
6410	Prados con <i>Molinia</i>	
6420	Prados húmidos mediterráneos do <i>Molinion-Holoschoenion</i>	
6430	Megaforbios eutróficos higrofilos das orlas de chairas	
6510	Prados de sega de baixa altitude	
7210	*	Turbeiras calcáreas de <i>Cladium mariscus</i> e especies do <i>Caricion davallianae</i>
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica	
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira	
8330	Furnas mariñas	
91E0	*	Bosques aluviais

Táboa 1. Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.

Especies de interese para a conservación

O LIC Complexo húmido de Corrubedo inclúe unha especie prioritaria de acordo coa DC 92/43/CEE, *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*, así como 16 especies dentro do Anexo II da devandita Directiva e 19 no Anexo IV. Citándose o odonato *Coenagrion mercuriale*, os hérpets *Discoglossus galganoi*, *Emys orbicularis*, ou os mamíferos acuáticos *Lutra lutra* e mariños *Tursiops truncatus* ou *Phocoena phocoena*.

Especies da DC 92/43/CEE e DC 79/409/CEE		DC 92/43/CEE				DC 79/409/CEE		
		P	II	IV	V	I	II	III
Flora								
<i>Cladonia</i> subgenus <i>cladina</i>					•			
<i>Narcissus bulbocodium</i>					•			
<i>Lithothamnium corallioides</i>					•			
<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>		•	•	•				
<i>Phymatholithon calcareum</i>					•			
<i>Ruscus aculeatus</i>					•			
<i>Sphagnum</i> spp.					•			
Invertebrados								
<i>Cerambyx cerdo</i>			•	•				
<i>Coenagrion mercuriale</i>			•					
Peixes								
<i>Alosa alosa</i>			•		•			
<i>Alosa fallax</i>			•		•			
<i>Petromyzon marinus</i>			•					
<i>Salmo salar</i>			•		•			
Anfibios								
<i>Alytes obstetricans</i>				•				
<i>Bufo calamita</i>				•				
<i>Discoglossus galganoi</i>			•	•				
<i>Hyla arborea</i>				•				
<i>Pelobates cultripes</i>				•				
<i>Rana iberica</i>				•				
<i>Rana perezi</i>					•			
<i>Triturus marmoratus</i>				•				
Réptiles								
<i>Chalcides bedriagai</i>				•				
<i>Emys orbicularis</i>			•	•				
<i>Lacerta schreiberi</i>			•	•				
Aves								
<i>Alauda arvensis</i>						•		
<i>Alectoris rufa</i>						•		•
<i>Anas clypeata</i>						•		•
<i>Anas crecca</i>						•		•
<i>Anas platyrhynchos</i>						•		•
<i>Anas strepera</i>						•		
<i>Anthus campestris</i>							•	
<i>Ardea purpurea</i>							•	
<i>Aythya ferina</i>							•	•
<i>Aythya fuligula</i>							•	•


Anexos da Directiva Hábitats [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P]. Especie de interese comunitario do Anexo II [II]. Especies do Anexo IV [IV] e V [V]. Anexos da Directiva Aves [DC 79/409/CEE]: Especie do Anexo I [I] Anexo II [II] e Anexo III [III]


Táboa 2. Relación de especies da DC 92/43/CEE e DC 79/409/CEE presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.

Especies da DC 92/43/CEE e DC 79/409/CEE					DC 92/43/CEE			DC 79/409/CEE			
					P	II	IV	V	I	II	III
Aves											
<i>Burhinus oedicnemus</i>									●		
<i>Caprimulgus europaeus</i>									●		
<i>Charadrius alexandrinus</i>									●		
<i>Circus aeruginosus</i>									●		
<i>Circus cyaneus</i>									●		
<i>Circus pygargus</i>									●		
<i>Columba livia</i>										●	
<i>Columba palumbus</i>										●	●
<i>Corvus corone</i>										●	
<i>Corvus monedula</i>										●	
<i>Egretta garzetta</i>									●		
<i>Falco columbarius</i>									●		
<i>Falco peregrinus</i>									●		
<i>Fulica atra</i>										●	●
<i>Gallinago gallinago</i>										●	●
<i>Gallinula chloropus</i>										●	
<i>Garrulus glandarius</i>										●	
<i>Gavia arctica</i>									●		
<i>Gavia immer</i>									●		
<i>Gavia stellata</i>									●		
<i>Haematopus ostralegus</i>										●	
<i>Hydrobates pelagicus</i>									●		
<i>Ixobrychus minutus</i>									●		
<i>Lanius collurio</i>									●		
<i>Larus cachinnans</i>										●	
<i>Larus fuscus</i>										●	
<i>Limosa lapponica</i>									●	●	
<i>Lullula arborea</i>									●		
<i>Philomachus pugnax</i>									●	●	
<i>Pica pica</i>										●	
<i>Platalea leucorodia</i>									●		
<i>Pluvialis apricaria</i>									●	●	●
<i>Rallus aquaticus</i>										●	
<i>Sterna hirundo</i>									●		
<i>Sterna sandvicensis</i>									●		
<i>Streptopelia decaocto</i>										●	
<i>Streptopelia turtur</i>										●	
<i>Sylvia undata</i>									●		
<i>Tringa nebularia</i>										●	
<i>Turdus merula</i>										●	
<i>Turdus philomelos</i>										●	
<i>Turdus viscivorus</i>										●	
<i>Vanellus vanellus</i>										●	
Mamíferos											
<i>Delphinus delphis</i>							●				
<i>Genetta genetta</i>								●			
<i>Lutra lutra</i>						●	●				
<i>Myotis myotis</i>						●	●				
<i>Phocoena phocoena</i>						●	●				
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>						●	●				
<i>Rhinolophus hipposideros</i>						●	●				
<i>Tursiops truncatus</i>						●	●				

Anexos da Directiva Hábitats [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P]. Especie de interese comunitario do Anexo II [II]. Especies do Anexo IV [IV] e V [V]. Anexos da Directiva Aves [DC 79/409/CEE]: Especie do Anexo I [I] Anexo II [II] e Anexo III [III]


Táboa 3. Relación de especies da DC 92/43/CEE e DC 79/409/CEE presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.

Catálogo Nacional de Especies Amenazadas		CNEA				
		En	Vu	IE	SH	
Flora						
<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>					●	
Anfibios						
<i>Alytes obstetricans</i>				●		
<i>Bufo calamita</i>				●		
<i>Discoglossus galganoi</i>				●		
<i>Hyla arborea</i>				●		
<i>Lissotriton boscai</i>				●		
<i>Pelobates cultripipes</i>				●		
<i>Rana iberica</i>				●		
<i>Triturus marmoratus</i>				●		
Réptiles						
<i>Anguis fragilis</i>				●		
<i>Chalcides bedriagai</i>				●		
<i>Chalcides striatus</i>				●		
<i>Coronella girondica</i>				●		
<i>Rhinechis scalaris</i>				●		
<i>Lacerta schreiberi</i>				●		
<i>Natrix maura</i>				●		
<i>Natrix natrix</i>				●		
<i>Podarcis hispanica</i>				●		
<i>Psammotromus algirus</i>				●		
Aves						
<i>Accipiter gentilis</i>				●		
<i>Accipiter nisus</i>				●		
<i>Acrocephalus arundinaceus</i>				●		
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>				●		
<i>Actitis hypoleucos</i>				●		
<i>Aegithalos caudatus</i>				●		
<i>Anthus campestris</i>				●		
<i>Apus apus</i>				●		
<i>Ardea cinerea</i>				●		
<i>Ardea purpurea</i>				●		
<i>Athene noctua</i>				●		
<i>Burhinus oedicephalus</i>				●		
<i>Buteo buteo</i>				●		
<i>Calidris alba</i>				●		
<i>Calidris alpina</i>				●		
<i>Caprimulgus europaeus</i>				●		
<i>Certhia brachydactyla</i>				●		
<i>Cettia cetti</i>				●		
<i>Charadrius alexandrinus</i>				●		
<i>Charadrius hiaticula</i>				●		
<i>Circus aeruginosus</i>				●		
<i>Circus cyaneus</i>				●		
<i>Circus pygargus</i>			●			
<i>Cisticola juncidis</i>				●		
<i>Cuculus canorus</i>				●		
<i>Delichon urbica</i>				●		
<i>Dendrocopos major</i>				●		
<i>Egretta garzetta</i>				●		
<i>Emberiza cia</i>				●		
<i>Emberiza cirius</i>				●		
<i>Emberiza citrinella</i>				●		

Categorías do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas [CNEA], En Perigo de Extinción [En], Vulnerable [Vu], De Interese Especial [IE], Sensible á alteración do seu Hábitat [SH]. Información referente á catalogación []:Reproductora [1]


Táboa 4. Relación de especies do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.


Catálogo Nacional de Especies Amenazadas

	CNEA				
	En	Vu	IE	SH	
Aves					
<i>Emberiza schoeniclus</i>			●		
<i>Eriothacus rubecula</i>			●		
<i>Falco columbarius</i>			●		
<i>Falco peregrinus</i>			●		
<i>Falco subbuteo</i>			●		
<i>Falco tinnunculus</i>			●		
<i>Fringilla coelebs</i>			●		
<i>Galerida cristata</i>			●		
<i>Gavia arctica</i>			●		
<i>Gavia immer</i>			●		
<i>Gavia stellata</i>			●		
<i>Haematopus ostralegus</i>			●		
<i>Hippolais polyglotta</i>			●		
<i>Hirundo rustica</i>			●		
<i>Hydrobates pelagicus</i>			●		
<i>Ixobrychus minutus</i>			●		
<i>Jynx torquilla</i>			●		
<i>Lanius collurio</i>			●		
<i>Limosa lapponica</i>			●		
<i>Lullula arborea</i>			●		
<i>Motacilla alba</i>			●		
<i>Motacilla cinerea</i>			●		
<i>Motacilla flava</i>			●		
<i>Oenanthe oenanthe</i>			●		
<i>Oriolus oriolus</i>			●		
<i>Otus scops</i>			●		
<i>Parus ater</i>			●		
<i>Parus caeruleus</i>			●		
<i>Parus cristatus</i>			●		
<i>Parus major</i>			●		
<i>Petronia petronia</i>			●		
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>			●		
<i>Philomachus pugnax</i>			●		
<i>Phoenicurus ochruros</i>			●		
<i>Phylloscopus ibericus</i>			●		
<i>Picus viridis</i>			●		
<i>Platalea leucorodia</i>			●		
<i>Pluvialis apricaria</i>			●		
<i>Prunella modularis</i>			●		
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>			●		
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>			●		
<i>Regulus ignicapilla</i>			●		
<i>Saxicola torquata</i>			●		
<i>Sterna hirundo</i>			●		
<i>Sterna sandvicensis</i>			●		
<i>Strix aluco</i>			●		
<i>Sylvia atricapilla</i>			●		
<i>Sylvia communis</i>			●		
<i>Sylvia melanocephala</i>			●		
<i>Sylvia undata</i>			●		
<i>Tachybaptus ruficollis</i>			●		
<i>Tachymarpis melba</i>			●		
<i>Tringa nebularia</i>			●		
<i>Troglodytes troglodytes</i>			●		
<i>Tyto alba</i>			●		


Categorías do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas [CNEA], En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu]. De Interese Especial [IE]. Sensible á alteración do seu Hábitat [SH]. Información referente á catalogación [☐]:Reproductora [1]


Táboa 5. Relación de especies do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.

Catálogo Nacional de Especies Amenazadas		CNEA				
		En	Vu	IE	SH	
Mamíferos						
<i>Lutra lutra</i>				●		
<i>Mustela erminea</i>				●		
<i>Myotis myotis</i>			●			
<i>Phocoena phocoena</i>			●			
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>			●			
<i>Rhinolophus hipposideros</i>				●		
<i>Tursiops truncatus</i>			●			


Categorías do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas [CNEA], En Perigo de Extinción [En], Vulnerable [Vu], De Interese Especial [IE], Sensible á alteración do seu Hábitat [SH]. Información referente á catalogación []:Reproductora [1]

Táboa 6. Relación de especies do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.


Catálogo Galego de Especies Ameazadas		CGEA			
		E	V	III	
Flora					
<i>Alyssum loiseleurii</i>			●		
<i>Cytisus insularis</i>		●			
<i>Lecanographa dialeuca</i>		●			
<i>Linaria arenaria</i>		●			
<i>Lithothamnium coralloides</i>			●	●	
<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>		●			
<i>Phymatholiton calcareum</i>			●	●	
Invertebrados					
<i>Cerambyx cerdo</i>			●		
Peixes					
<i>Alosa alosa</i>			●		
Anfibios					
<i>Discoglossus galganoi</i>			●		2
<i>Hyla arborea</i>			●		
<i>Lissotriton boscai</i>			●		2
<i>Pelobates cultripes</i>			●		
<i>Rana iberica</i>			●		
<i>Salamandra salamandra</i>			●		2
Réptiles					
<i>Anguis fragilis</i>			●		2
<i>Chalcides bedriagai</i>		●			3
<i>Rhinechis scalaris</i>			●		2
<i>Emys orbicularis</i>		●			
<i>Lacerta lepida</i>			●		2
<i>Natrix maura</i>			●		2
<i>Natrix natrix</i>			●		2

Categorías do Catálogo Galego de Especies Ameazadas [CGEA]: En perigo de extinción [E], Vulnerable [V], Taxons e poboacións catalogadas susceptibles de aproveitamento discreto, Anexo III [III].
 Información referente á catalogación []: Poboacións nidificantes [1], Poboacións insulares [2], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [3], Poboacións de baixa altitude de A Coruña e de montaña de a provincia de Ourense [4], Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [5].

Táboa 7. Relación de especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.

Catálogo Galego de Especies Ameazadas				
	CGEA			
	E	V	III	
Aves				
<i>Burhinus oedipnemus</i>	●			
<i>Charadrius alexandrinus</i>		●		
<i>Circus cyaneus</i>		●		
<i>Circus pygargus</i>		●		
<i>Emberiza schoeniclus</i> subsp. <i>lusitanicus</i>	●			
<i>Gallinago gallinago</i>	●			1
<i>Haematopus ostralegus</i>		●		1
<i>Hydrobates pelagicus</i>		●		
<i>Ixobrychus minutus</i>		●		
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>		●		
Mamíferos				
<i>Myotis myotis</i>		●		
<i>Phocoena phocoena</i>		●		
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>		●		
<i>Rhinolophus hipposideros</i>		●		
<i>Tursiops truncatus</i>		●		

Categorías do Catálogo Galego de Especies Ameazadas [CGEA]: En perigo de extinción [E]. Vulnerable [V]. Taxons e poboacións catalogadas susceptibles de aproveitamento discreto, Anexo III [III].

Información referente á catalogación : Poboacións nidificantes [1]. Poboacións insulares [2]. Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [3]. Poboacións de baixa altitude de A Coruña e de montaña de a provincia de Ourense [4]. Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [5].

Táboa 8. Relación de especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes no LIC Complexo húmido de Corrubedo.

3.0 Procedemento do PORNMF

A Lei 9/2001 establece o procedemento de elaboración, participación pública e aprobación dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais. O cal é coherente coas especificacións establecidas pola normativa estatal en materia de espazos naturais (Lei 42/2007) e das normativas europeas que regulan a Rede Natura 2000 (DC 79/409/CEE e DC 92/43/CEE), e as referidas ao acceso público a información ambiental (DC 2003/4/CE).

Segundo o disposto no artigo 40 da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, compete a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, formular o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico do LIC e da ZEPVN Complexo Húmido de Corrubedo, que deberá someter a información pública e audiencia dos interesados que comparecesen no expediente.

Tras a realización dos trámites referidos elevaráselle ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación mediante decreto.

4.0 Avaliación ambiental do PORNMF

Tendo en conta a fase preliminar na que se atopa ou proceso de elaboración do PORNMF, a análise dos efectos previsibles que ás actuacións programadas poidan ter dende un punto de vista ambiental debe enfocarse a través da identificación daqueles indicadores que permiten medir o grao de consecución dos obxectivos ambientais a integrar na elaboración do PORNMF e da súa tramitación e aprobación.

Considerando a natureza, obxectivos e finalidade do PORNMF, evidénciase que a conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos naturais como os elementos esenciais na súa concepción e desenvolvemento do referido Plan. A previsible afección sobre o medio derivada do PORNMF derivará do establecemento de medidas de xestión, que planificaran e ordenaran os usos e aproveitamentos existentes e previsibles dentro do ámbito territorial do PORNMF.

A sostenibilidade das medidas de xestión garántese a través dunha formulación acorde co propio procedemento que para os espazos da Rede Natura 2000 fixa o artigo 6 da DC 92/43/CEE.

Directiva Hábitat DC 92/43/CEE

Artigo 6.

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, se é o caso, axeitados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan ás esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaran a designación das zonas, na medida en que as devanditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta aos obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para esta, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, se someterá a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

4. Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, deba realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o Estado membro tomará cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida. O devandito Estado membro informará á Comisión das medidas compensatorias que adoptara.

En caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritarios, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio, ou ben, logo de consulta a Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.

Táboa 9. Artigo 6 da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21/05/1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (DOCE 206 22/07/1992),

En consecuencia, as medidas de xestión propostas no PORNMF deberán asegurar a coherencia ecolóxica da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espacios Naturais, así como garantir o



mantemento, ou no seu caso o restablecemento, dun estado de conservación favorable, para os hábitats naturais e para os núcleos poboacionais e os hábitats das especies de interese para a conservación. Medidas que paralelamente promoveran o uso racional dos recursos naturais, mantendo e fortalecendo en consecuencia, os sistemas de explotación tradicional que mostraron, ao longo do tempo, unha reducida repercusión ambiental, á vez que garantan o desenvolvemento económico e social da poboación que vive nos espazos naturais e na súa área de influencia socio-económica.